PROGRAMACIÓN CULTURAL
MAIO, MES DAS LETRAS 2025

XVI Concurso de Marcapáxinas

Concurso destinado ao alumnado dos centros de ensino do Concello. Bases *www.concellodezas.org*

Baio ten as Letras

De venres 9 a domingo 11 de maio

Presentación de libros: **"Cantareiras"** de Icía e X.M. Varela; **"Homes e mulleres de sal e ferro"** de Xesús Búa; **"Poemas"** de Julia Ures; **"IA para a sociedade"** de Fina Paulos-Manuel Rey; **"El libro de los abrazos"** de Cristina Vázquez; **"Un viaje por el espacio"** de Águeda Antelo

Diversión infantil (rocódromo, inchables…)

Pasarrúas e animación musical con **Churía** e **Charanga Os Atrevidos**

Andaina **"O carreiro do río"**

Mago Antón co espectáculo "Mil maxias máis"

Sesión vermú con **"Henko"**

Info: https://www.facebook.com/baion.asociacion

Animación á lectura

Luns, 12 de maio **TRINKE TRINKE**

"Contos para andar o camiño", Contacontos.

18h. Axencia de Lectura de Baio.

Martes 13 de maio **TRINKE TRINKE**

"Contos para andar o camiño", Contacontos.

18h Biblioteca Municipal de Zas.

Música

Mércores, 14 de maio **PACO NOGUEIRAS**

"Brinca Vai!!" **Funcións escolares.**

10h. CPI de Zas.

12.45h. CEIP Labarta Pose de Baio.

Música

Venres, 16 de maio **GARCÍA MC**

12.45h. IES Maximino Romero .

Función dirixida ao alumnado da ESO e BACH.

Danza

Venres, 30 de maio **PROXECTO ESCORA**

12.45h. Obradoiro D´elas, IES Maximino Romero

14h. Obradoiro D´elas, CPI de Zas.

18.30h. Roteiro polo río ata Carballeira de Baio.

20h. Espectáculo **"Velaiquich amoorch"** de D´elas na Carballeira de Baio.

VIII MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO LABARTA POSE

26de abril **QUENCHEDERA TEATRO** de Muros
"Perdón que che chapuse" Auditorio de Zas

3 de maio **ANDARAVÍA TEATRO** de Vedra
"Camiños e Carreiros" Auditorio de Zas

10 de maio **MARTABELAS TEATRO** de Teo
"Segredos de Familia e licor café " Auditorio de Baio

17 de maio **C. CULTURAL OLLOMAO** de Barreiros
"Pan con chocolate" Auditorio de Zas

24 de maio **MUIÑEIRAS DO VENTO** de Ferrol
"Heroínas cotiás" Auditorio de Baio

Todas as funcións ás 21h

31 de maio **ENTREGA DE PREMIOS**
ACTUACIÓN DA ESCOLA DE TEATRO DE ADULTOS DO CONCELLO DE ZAS
Auditorio de Baio. **18h.**

Tradición Oral

Sábado, 24 de maio

HOMENAXE ÁS NOSAS CANTAREIRAS

Asociación de baile Tradicional CHURÍA

Auditorio de Zas. **18h.**

+Info: www.concellodezas.org
981 751 398 - 981 718 056

MAIO, MES DAS LETRAS



Adolfina Casás Rama fotografada pola musicóloga suíza Dorothé Schubarth
Fonte: Schubarth-Santamarina. Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego

POESÍA POPULAR ORAL

LETRAS GALEGAS 2025



Teresa, Prudencia, Manuela e Adela en Mens (1982)
Fonte: Fondo da Agrupación Folclórica Aturuxo. Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego

A Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2025 á poesía popular oral, personificado en Adolfina e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica).
É unha representación colectiva, e extensiva a todas as Pandeireteiras e cantareiras, mulleres que foron figuras centrais na creación, preservación e transmisión da cultura, e fundamentais no rexurdimento da literatura galega e no seu desenvolvemento posterior: a obra fundacional de Rosalía de Castro, os *Cantares gallegos*, bebe directamente da poesía popular.

O valor deste patrimonio fora recoñecido desde o padre Sarmiento no século XVIII, estudosos que fixeron recollas no século XIX e no XX. Amais de cancioneiros de comarcas concretas, a finais dese século compiláronse e estudáronse en conxunto os repertorios publicados e rescatáronse mediante entrevistas e sesións directas, xuntando partitura musical, letra e gravación (a musicóloga Dorothé Schubarth e o filólogo Antón Santamarina no *Cancioneiro popular galego*), voces senlleiras ou en conxunto, sempre mostras dun traballo colectivo da comunidade. Actualmente, parte dese patrimonio está custodiado en diversas institucións (Museo do Pobo Galego, Consello da Cultura Galega, Museo de Pontevedra...), que inclúen rexistros sonoros e audiovisuais.

As catro Pandeireteiras de Mens que faleceron hai máis de dez anos, constituíron o primeiro grupo de cantareiras tradicionais que espallaron polo mundo adiante a poesía popular oral, tras se integraren nos anos 70 do século pasado na Agrupación Folklórica Aturuxo da Coruña.

Pola súa banda, Eva Castiñeira canda a súa irmá Engracia, protagonizou outro fito do cancioneiro popular cando, no verán de 1981, as dúas compartiron escenario co grupo Milladoiro no pavillón de deportes de Riazor. Por primeira vez na historia, unhas pandeireteiras participaban nun concerto dun grupo folk.



Eva Castiñeira retratada por Pablo Quintana, coordinador do disco *Recolleita*, onde rexistrou a voz da cantareira de Muxía

No último terzo do século XX, a transmisión interxeracional nas aldeas foi mudando para o ensino regrado, grazas ao labor dos coros históricos (Cantigas e Agarimos, Cantigas da Terra, Toxos e Flores, Ruada...) e das asociacións culturais (Aturuxo, Eidos, Xacarandaina, Brincadeira, Raigañas de Cerqueda, Arume, Xiradela, Donaire, Fiadeiro...), que promoveron aulas, concursos e exhibicións por todo o país.

Desde finais da década de 1970 non só fixeron traballo de campo recollendo letras e coplas, senón tamén docencia e espallamento de letras, bailes e músicas. Todos estes colectivos foron axentes no mantemento e transmisión deste legado á sociedade, que tan claramente mostra a identidade colectiva, con múltiples facetas: lingua, música, baile, vestiario. Así, foise espallando entre a xente nova ese tesouro con tan pouca visibilidade social antano e que aínda hoxe require de maior protección institucional como parte do noso patrimonio inmaterial.



Adolfina e Rosa Casás na Vila da Igrexa (Cerceda) retratadas por Dorothé Schubarth
Fonte: Fondo Schubarth-Santamarina. Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego

E ese labor frutificou tamén nos últimos anos entre a mocidade: novas figuras da regueifa, o noso rap bravú (Alba María, Xairo de Herbón), grupos que transcenden os ritmos tradicionais con fusión con novas músicas, do rock e o jazz ao pop e á electrónica (Baiuca, Tanxugueiras, Boyanca Kostova, Mondra, Caamaño & Ameixeiras, Fillas de Cassandra, De Ninghures...)Todos eles retoman no século XXI o fío de Fuxan os Ventos, Milladoiro, Leilía, Mercedes Peón, Uxía Senlle, Xabier Díaz e tantos outros. A tradición vólvese vangarda.